

Crónicas do Teatro no Morrazo

Johán Carballeira, heterónimo de José Gómez de la Cueva (1903/1937). Membro activo do Partido Galeguista. No 1936, representando ao Fronte Popular, saíu elixido alcalde de Bueu.

Durante o seu curto mandato loita polo benestar do seu pobo e sobre todo da clase campesiña e mariñeira. Na súa memoria déuselle o nome de "Johán Carballeira" ao Instituto de Bueu e a unha rúa; e tamén foi nomea-

do Fillo adoptivo na mesma vila. Escribe como xornalista en Faro de Vigo (1922-1927) e colabora en revistas coma Vida Gallega (1926-28), Céltiga (Bós Aires, 1927-30), Estampa (1929-33), Cris-

Johán Carballeira e o teatro: 1924-1935

O galeguista e exalcalde de Bueu reconece a prioridade de atender ao teatro "como medio de galeguización"

ARTURO SÁNCHEZ
CIDRÁS*



Falar de Johán Carballeira (José Gómez de la Cueva) é falar de periodismo, de poesía, das árbores, do mundo do mar e os seus problemas. Pero tamén é falar da cultura e, sobre todo, da raza humana, da sociedade e dun país que é Galicia.

A incursión no mundo do teatro de Carballeira cingúese a tres brevísimas pezas publicadas no xornal Faro de Vigo entre abril do 1924 e febreiro de 1925: a primeira titulada «El casamiento de la señorita Pardi-lla», en catro escenas de «Paxaritoloxía»; outra, publicada o día de Reis de 1925, como un 'Conto de Reis' titulado «El mejor regalo» e logo a peza-diálogo entre Curra e Mimí co título «La otra vergüenza».


Non se ten constancia da súa participación directa como actor, director, etc. nas obras representadas en Bueu agás no festival que no cine Victoria se fixo o 27 de marzo de 1924 na honra da Banda Popular de Música onde seu papel, en todas as obras representadas («Juana Gray», «El padrón municipal»,...), foi de apuntador.

Será no xornal El Pueblo gallego, entre 1928-1935, no que escribirá máis de vinte artigos onde de forma monográfica ou circunstancial tratará o tema do teatro no estado español e na Galicia en particular.

En 'Tornavoz' (1928), Carballeira cualifica coma "gris e monótono o panorama escénico español" e atopa dous culpábeis: as obras baseadas no divertimento que utilizan o chiste fácil e o "ollo polifémico do cinema". Como antídoto a isto receita dúas obras: «Hostia» de Cotarelo e «A fiesta valdeira» de Dieste "ese gran rapaz que nos achega dez horizontes coas súas mans".

Ao longo de 1929 media ducia de artigos séguennos a mostrar a súa preocupación polo teatro español. No primeiro deles titulado 'Teatro' expón as ideas sobre o teatro que Ricardo Baeza, Luís Araquistain,... habían debullado con anterioridade. Ideas todas elas que van confirmar a súa visión desoladora do panorama teatral e que van a influir en Johán Carballeira no futuro. Tanta vehemencia vertida fai que teña que escribir outro artigo 'Pirandello y compañía' simplemente para defenderse das críticas a 'Teatro' feitas desde Berlín por Augusto Assia (Felipe Fernández Armesto).

Noutro dos artigos, 'Fomento del teatro', Carballeira trata do pulo que se precisaría por parte das institucións públicas para conseguir un tea-



Carballeira nun librño da Asociación Unidos del Ayuntamiento de Bueu. Na Arxentina 1938 no XV aniversario da Fundación. // Arquivo autor

FICHA PERSONAL

■ Arturo Sánchez Cidrás é veciño de Bueu e foi mestre no colexio de A Pedra. É un dos maiores coñecedores e investigadores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e un blog sobre historias da vila [acidras.blogspot.com.es]

tro de calidade. Como exemplo disto presenta o impulso dado polo goberno italiano á organización dunha compañía dramática e, na boca da artista Margarita Xirgu, trata de describir as vantaxes cunha medida así causaría no teatro español: "Podería formarse un grupo homoxéneo capaz de chegar ás maiores temperaturas artísticas. Poderíase poñer en circulación todo o ouro vello de lei que garda o noso teatro clásico -o único teatro, có de Valle Inclán, de que dispoñemos verdadeiramente. Poderían tamén tomar corpo nos nosos escenarios as mellores pezas do novo teatro estranxeiro [...]. Poderíase coidar a obra dos noveis que foran merecedores [...] e poderíase, en fin, redimir ao infeliz espectador da anódina e indixesta carga dos nosos autores 'os consagrados' desgraciadamente tan vovingleiros e campantes coma mancos de enxeño e negados de aptitudes artísticas." E Carballeira remata, de forma mordaz, que o teatro español sentiríase aliviado da "conxestión que producen os irmáns Quintero e demais familia" que eran os que ocupaban a escena teatral es-



Na entrevista á Dra. Olimpia na revista Estampa (28-1-1930). // Arquivo

pañola por esas datas.

En canto ao idioma, no artigo 'El otro resbalón' fai fronte a un comentario aparecido nun xornal critican-

do o uso do galego para escenas onde os personaxes sexan señoritos ou onde a atmosfera sexan salóns selectos... aos que resposta cun: "sa-

be de sobra que o noso idioma vernáculo é apto, de flexible e rico, para dar todas as emocións e expresar todas as ideas..." e logo aconséllalle ao columnista que deixe a pluma e que se dedique a outras cousas.

En 'Los de retaguardia' defende, "agora como home de teatro" a Ramón Gómez de la Serna xa que "hai que defendelo por ética e por estética" e todo a pesar do fracaso de «La vida blanca y negra» pois "un fracaso de Ramón ten un valor artístico máis positivo que cen éxitos" da "Congregación dos irmáns Quintero e Compañía".

Carga contra espectáculos

En 1930, segue a carga contra espectáculos, locais e representantes, neste caso de Madrid. Pero tamén o fai con dureza non só desmembrando as obras (tema, argumento, recursos utilizados,...) senón tamén á compañía de actores como o fai cando exerce coma crítico teatral da representación 'Las muñecas' de Pierre Wolf no García Barbón de Vigo.

Falando dos literatos independentes e ante as declaracións dun deles, Antón Giulio Bragaglia (Fotógrafo, cineasta, editor de arte e teatro no xornal 'L'Artista,...), e a pesar de que estas producénlle "dor de cabeza" (o repite ata dúas veces) faise eco dunha afirmación deste onde di que "os mozos deberían queimar os teatros para lograr un mellor arte". Carballeira non dubida en manifestarse de acordo con "este

Crónicas do Teatro no Morrazo

tal (1932)... No ano 1927 inicia unha andadura como correspondente no xornal El Pueblo Gallego, que durará ata a súa detención e fusilamento fai hoxe 79 anos. A súa produción xorna-

lística acadará máis de cincocentos artigos, reportaxes, contos, entrevistas e poesías. O historiador Arturo Sánchez Cidrás adica esta nova entrega das "Crónicas" sobre a actividade teatral en Bueu, a Johán Carballeira e o

teatro 1924-1935. Coordinadas polo director teatral e da Revista Galega de Teatro (RGT), Antón Lamapereira, as Crónicas amosan ao longo de varios capítulos o dinamismo teatral do Morrazo.

"Queimar teatros para lograr mellor arte"

Insiste na idea de que hai, entre outras cousas, que dar corpo a un teatro galego

---> VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

consello tomado na súa transcendencia metafórica" pois "o noso arte escénico con todo ese ramo cativo e murcho deses autores en candeiro é unha cousa tan triste que só pode purificala un incendio de indignación e desprezo".

Meses despois, no artigo 'Como se hace un drama?' parte da anécdota que se lle atribúe a Shakespeare que ante esta pregunta respondeu: 'Busco unha situación dramática. E volvéronlle a preguntar 'E como a atopas? El sentenciou: 'Inventándoa. O que Carballeira confirma dicindo que "sempre foi así, no teatro e na vida. O drama sae a flor de terra cando se lle busca. Coa imaxinación para a arte e os feitos na vida..."

Escuro panorama do teatro

Nunha entrevista á periodista inglesa Cikel Sharp cando falan da Literatura Española aparece a pregunta e resposta seguintes: "Teatro? O teatro español actual non ten interese. Os pobres Marquina, Quintero, Martínez Sierra, Benabente, o tristísimo e lamentábel Linares Rivas - Poñamos aparte 'Los intereses creados'- son frouxos". El mesmo podería dar unha resposta semellante.

Es a mesma idea aparece debullada un artigo tras outro ('Cocktail',...) pero sempre mostrando o escuro panorama do teatro español ao que menospreza e critica personificando esta, fundamentalmente, nos autores e produtores teatrais, pero tamén o fai co público que asiste ás representacións. A todos acusa de non permitir "as obras que non se parezan ás dos dómicos en candeiro".

No 1934, e desde o artigo 'A obriga da nosa xeración', no que fai un percorrido pola produción literaria galega amosando un panorama bastante negro e con respecto ao teatro di: "I en Galiza aínda falla a novela e o teatro. O corpo de esa puberdade degoirada d'únha cultura. Teatro, na estricteza accepción que lle cumprém só temos 'A fiesta valdeira', de Dieste" (máis tarde ampliará a Cotarelo, Villar Ponte, Quintanilla e, ao aínda, nese momento inédito, 'teatro de máscaras' de Alfonso Castelao).



Artigo de Carballeira "El mejor regalo" no FARO DE VIGO, o día de Reis de 1925. // Arquivo do autor



José Gómez de la Cueva "Carballeira".



Si como quería García Junquera, cuando en la patria existe un gran dolor, si verdaderamente hay un poeta la quejada surge con impetu, el grito de rebeldía se levanta vindicador con fuerza y espontaneidad vigorosa, pudiera ahora decirse que en Galicia esa queja patriótica, ese grito de dolor y protesta se concretan en teatro persuasivo y cabal justicia oportuna en esta admirable pieza dramática que con destino a la escena gallega acaba de darnos Alvaro de las Casas bajo el rubro simbólico de "Matria" y que ahora da a la publicidad, en adecuada edición, "Nós", la noble editorial de Angel Casal.

La obra del distinguido escritor es un calido poema de rebeldía y esperanza gallega corporizado en el género literario mas en consonancia con el clima estético de la época y más conveniente al ambiente cultural de nuestro renacimiento vernáculo: la forma teatral, en cuyos moldes adquiere cada creación su fuerte virtud emotiva y halla una lograda plenitud dramática.

"Matria" es una hermosa textura empapada de lirismo alarga sus tentáculos recitadamente a un ritmo venoz, diríamose que cinematográfico - en lenguaje, la atmósfera, la intención; adaptado en todas sus partes y en su unidad una trama y ascendente temperatura emotiva de la mejor ley arcaica. Teatro, pues, actual; teatro para ansias - por la técnica y por su profundo "clán" debolador - cargado de fuertes leñas generativas, aptas sus valores escénicos para comunicar su trágica virtud estimulante.

Esta de Alvaro de las Casas no es una pieza más al estilo decadente, un "dramón costumbrista", ni una intriga doradamente retórica ni un conflicto de circunstancias más o menos psicológico y cursillo, sino un drama de fuerte resplandor humano y emoción civil donde el tema de la "felicidad doliente" y esclavizada late con acento bronco, profundo, humano. "Matria" recuerda en la motivación y en el propósito - a un "drama" insistentemente en la adecuación del tema y a nuestro ver lo supera en valores escénicos y dramáticos - el feroz drama "Cathaca" ni "Houlihan", de Yeats ("Cathaca" de "Houlihan" en la versión gallega que recientemente editó también "Nós").

Como en la creación de poeta hispano, palpita en "Matria" el ideal nacionalista llenando la obra como un personaje, al que aluden sostenidamente todos los ángulos de la acción. Y apuntamos esto, no en menoscabo de la originalidad de la creación de Alvaro de las Casas sino, al contrario, para señalar su "tradición", que en la profunda significación literaria no hay que confundir para nada - porque en nada coinciden en absoluto - con lo que se llama "conciencia" y "plagio".

Todo ello, pues, de "Matria" una rica pieza dramática, básica ya en el acervo de nuestro teatro vernáculo: por su patriótico simbolismo - Galicia aludida allí con patético y dolorido anhelo -; por su técnica, de sobrio y eficaz estilo - la acción, recitativa, se organiza en una suerte de "primarios planos" de tersa plasticidad, veloces, de ritmo longitudinal, ayudando siempre, sobre el juego escénico, a la esférica tensión de su transcendencia musical -; y por sus valores emotivos y artísticos de cabal más acumulación.

Y aquí tenemos que volver a nuestro tema, siempre que el teatro gallego nos reflexione. ¿Cómo lograr poner en escena congruentemente obras de fino gallo como esta que comentamos? Ardua problema, mientras no se organice el instrumento apto para darles expresión.

La necesidad de una agrupación dramática al estilo de la de "La Barraca" que dirige García Lorca se hace sentir en Galicia cada vez con más acento. Y la cuestión no creemos que sea tan difícil de resolver. Elementos existen. Falta nada más la voluntad animadora que se propaga decididamente plasmar la idea en realidad. Si nos ocurre que nadie como Alvaro de las Casas mismo, que tantas plausibles muestras ha dado como proyectista y tutor de iniciativas felices, podría ahora acoger esta empresa, de tan grande importancia para Galicia. Esperanzadosos, le brindamos esta humilde misiva.

Crítica a "Matria", en El Pueblo Gallego.



Inauguración do monumento a Carballeira en Bueu no que estivo a súa irmá, Ángel Roberto e a súa dona Leonor, Manolo Ríos (amigo no Lazareto de San Simón) e outros como Patiño, Bernardino Graña, Camilo Camaño, Pepe Novas ou Paz (escultor). // Arquivo do autor



Retrato de Carballeira por Arturo Souto.

Será a partir desta data na que centre a maior parte da súa preocupación polo teatro na xeografía galega.

O mesmo Carballeira recoñécese como o que "con máis desgarr proclamou" dende hai tempo o sombri acontecer do noso teatro. Pero tamén apunta solucións, como a prioridade de atender ao teatro "como medio de galeguización e coma instrumento para preparar a chegada dese teatro propio que anhelamos". Para iso amplia a receita para que se escriba "en galego teatro selecto" pero tamén traducir "á nosa lingua materna ás obras máis representativas do teatro universal".

En 1935 segue a insistir que hai, entre outras cousas, que "dar corpo a un teatro galego" redundando nas mesmas ideas de galeguización antes mencionadas pero mesturadas cun achegamento a Portugal. O mesmo fai no artigo que fala da homenaxe a Anxel Casal, insistindo no "teatro vernáculo", na tradución ao galego de obras universais, etc. Meses despois quíxase do pouco acerto, cara a divulgación do bo teatro, da elección de dúas obras de Wilian

Butler Yeats que traduciron Plácido Castro e os irmáns Villar Ponte, por seren as "menos teatrais e quizais menos inmediatamente adaptadas á nosa escena". Días despois apareceu publicada na mesma editorial Nós unha obra, 'Matria', de Alvaro de las Casas que Carballeira compara coa 'Catuxa de Holiban' traducida de Yeats e as sinala de semellantes no palpitante do ideal nacionalista, antropomorfización da patria oprimi-

da, etc. pero diferenciándose "radicalmente na adecuación do tema e, ao noso ver, [Matria] a supera en valores escénicos e dramáticos".

As persoas que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com

---> CONTINUÁ O VINDEIRO DOMINGO